



AS ESTRATEXIAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL NA VITIVINICULTURA

XORNADA TÉCNICA

10 de novembro de 2022

Aula Espazo Evega (Xantar, Feria Internacional de
Turismo Gastronómico)

Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
(Expourense)

Finca Sevilla s/n 32005 - Ourense

PROGRAMA

» 9:00 – 9:30

Recepción dos asistentes. Entrega da documentación. Presentación da xornada.

» 9:30 – 10:15

As estratexias do goberno galego en materia de cambio climático

Relatora: Sagrario Pérez Castellanos. Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

» 10:15 – 11:00

Conclusións do programa Enoadapta. Estratexias de mitigación e adaptación no sector vitivinícola

Relator: Jacobo Feijóo Lamas. Enxeñeiro de montes. Responsable da área de desenvolvemento rural de Unións Agrarias-UPA.

» 11:00 – 11:45

A pegada de carbono e sustentabilidade no sector vitivinícola.

Relator: Pedro Villanueva Rey. Xestor de proxectos. Área de sustentabilidade ambiental, económica e social de Cetaqua Galicia.

» 11:45 – 12:15

Pausa. Degustación do viño institucional da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega).

» 12:15.- 13:00

Alternativas de adaptación do viñado ante o cambio climático.

Relator: Jesús Yuste Bombín. Doutor enxeñeiro agrónomo. Investigador en viticultura no Instituto Tecnolóxico Agrario de Castela e León (ITACYL)

» 13:00 – 13:30

A pegada de carbono da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia. O proxecto Vincios Verde CO2

Relatores:

Juan Manuel Casares Gándara. Director da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega).
José Manuel Taboada Miguez. Coordinador da Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Vincios.

» 13:30 - 14:00

Mesa redonda: O cambio climático na vitivinicultura.

Participación de todos os relatores

OBXECTIVOS

O cambio climático constitúe hoxe en día unha das maiores preocupacións ambientais tanto dende o punto de vista da política global, social coma da saúde. Por isto, nestes anos, as institucións internacionais tomaron acordos e xeraron lexislacións dirixidas a velar, fomentar e potenciar a redución de emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) por parte dos distintos países.

Por outra banda, a celebración do Cumio do Clima (COP 25) en Madrid deixou como conclusión que é preciso actuar en todos os eidos co gallo de implementar medidas que teñan como obxectivo principal diminuír a emisión de CO2 á contorna. Tamén as institucións nacionais e autonómicas están a introducir estratexias para a diminución dos seus efectos, tal é o caso da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 da Xunta de Galicia.

Aínda así, toda actividade humana leva canda si o xermolo de ser potencialmente contaminante, por esta razón cómpre que actuemos a nivel individual tamén para contribuír a frear os efectos previsibles do cambio climático.

Nesta xornada analizaranse, dende a perspectiva do sector vitivinícola galego, posibles accións e ferramentas que cómpre implementar co obxectivo de facermos unha viticultura cada día máis sustentable.

Os obxectivos desta xornada son:

Afondar nas posibles ferramentas de adaptación empresarial ao cambio climático.

Presentar a estratexia da Xunta de Galicia en materia de cambio climático.

Coñecer o cálculo da pegada de carbono das empresas como unha ferramenta que contribúa a diminuír os impactos na nosa contorna.

Aprender as nocións básicas para reducir as emisións de CO2.

Alentar proxectos de I+D+i que afonden na diminución do impacto vitivinícola na contorna.

DESTINATARIOS

- » Agricultores, viticultores ou gandeiros activos con producións con orientación comercial, cotitulares ou colaboradores familiares das explotacións.
- » Titulares, asalariados ou con contratos a proba dunha explotación agraria, industria transformadora, asociación profesional (Exemplo: adega, consello regulador). ou empresa de servizos agrarios.
- » Persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ó sector primario ou á industria transformadora (Exemplo: adega, consello regulador)
- » Investigadores relacionados coa actividade, traballadores de empresas relacionadas co sector ou público en xeral, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- » Público en xeral

Número de prazas: 70

Data de inscrición: ata o 5 de novembro de 2022

SOLICITUDES

Os interesados deberán preinscribirse na actividade a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia

<https://evega.xunta.gal/>

ou na páxina da Consellería de Medio Rural (Anexo G)

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/formacion/transferencia-tecnologica/plan-de-transferencia-tecnologica-2022>

e remitirase o formulario cuberto ao correo electrónico

evega.medio-rural@xunta.gal

A súa inscrición será confirmada a través do enderezo electrónico



Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2022

» ORGANIZA

**Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega)**

» COLABORAN

